

MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,

CERTIFICO: Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ORDINARIA celebrada o vinte e sete de agosto de dous mil catorce, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

18/623 EXPEDIENTE DE RESOLUCIÓN DA AUTORIZACIÓN E NOVA LICITACIÓN PARA A CONCESIÓN DA OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO COA INSTALACIÓN DE CASETAS E CALDEIROS DE POLBO, DURANTE AS FESTAS DE SAN FROILÁN 2014, POLA FALTA DE PAGAMENTO EN PRAZO DAS CORRESPONDENTES TAXAS. APERTURA DO PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta do Xefe de Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, do 25 de agosto de 2014 que, na súa parte expositiva, fai constar:

“Examinado o expediente de referencia e vistos:

ANTECEDENTES

1º.- Acordos da Xunta de Goberno Local números 20/201 e 32/284 dos días 30 de marzo e 20 de abril de 2011, mediante os cales se aprobaron as bases técnicas e o prego de cláusulas administrativas particulares para a autorización da instalación de casetas e caldeiros de polbo durante as festas de San Froilán para os anos 2011 a 2014, ambos inclusive, sinalándose na cláusula cuarta das bases técnicas o seguinte:

‘As taxas de ocupación para as festas do San Froilán 2012, 2013 e 2014, ingresaranse no mes de abril de cada ano, e poderán ser revisables -de ser o caso- co IPC correspondente a cada anualidade.’

2º.- Acordo da Xunta de Goberno Local nº 12/657, do día 28 de setembro de 2011, mediante o cal se adxudicou a autorización para a instalación de casetas e caldeiros do polbo durante as festas do San Froilán, durante os anos 2011 a 2014, ámbolos dous incluídos, co seguinte detalle:

- **CASETA E CALDEIRO 1:** PULPERÍAS AURORA E HIJOS S.L (CIF: B-32349425), na cantidade de 32.000 € a caseta e 13.500 € o caldeiro.
- **CASETA E CALDEIRO 2:** MARÍA JOSÉ REY PÉREZ ‘MANOLO DE MARCE’ (DNI: 33321400-N), na cantidade de 17.888 para a caseta e 10.506 € para o caldeiro.
- **CASETA 3:** RAMIRO LÓPEZ LÓPEZ ‘RESTAURANTE LA PALLOZA’(DNI: 33819306-Z), na cantidade de 20.125 €.
- **CALDEIRO 3:** MESÓN DE ALBERTO S.L (CIF: B-27212737), na cantidade de 11.200 €
- **CASETA E CALDEIRO 4:** HOTEL TORRE DE NÚÑEZ S.L (CIF: 27232511) na cantidade de 15.550 € a caseta e 8.560 € o caldeiro.
- **CASETA E CALDEIRO 5:** XANTAR NA FEIRA C.B (CIF: E27346295) na cantidade de 16.560 € a caseta e 7.500 € o caldeiro.

Código Seguro de verificación: +c1zHVhD6AJpzy42G7+heQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	29/08/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	+c1zHVhD6AJpzy42G7+heQ==	PÁGINA 1/5



3º.- Decreto nº 14002459 do día 14 de marzo no que, logo da actualización das cantidades co IPC correspondente, acordouse requirir ás empresas e persoas físicas adxudicatarias da autorización de concesión de dominio público antes citadas, a fin de que procederan a ingresar antes do 1 de maio de 2014 as cantidades que se lles sinalaban, coa advertencia de que a falta de pagamento neste prazo poderá ser de aplicación o **recargo por pagamento extemporáneo** tendo en conta a consideración de tributo municipal das cantidades sinaladas. Así mesmo tamén se lles advertía que a falta de pagamento en prazo dos importes indicados supón un incumprimento das obrigas sinaladas no prego de cláusulas administrativas que poderá dar lugar á incoación e tramitación dun **expediente de resolución da concesión**.

As empresas e persoas físicas, así como as cantidades actualizadas para o ano 2014 eran as seguintes:

- **CASETA E CALDEIRO Nº 1:** PULPERÍAS AURORA E HIJOS S.L (CIF: B-32349425), na cantidade de 33.521,02 € a caseta e 14.141,68 € o caldeiro.
- **CASETA E CALDEIRO 2:** MARÍA JOSÉ REY PÉREZ 'MANOLO DE MARCE' (DNI: 33321400-N), na cantidade de 18.738,25 para a caseta e 11.005,37 € para o caldeiro.
- **CASETA 3:** RAMIRO LÓPEZ LÓPEZ 'RESTAURANTE LA PALLOZA' (DNI: 33819306-Z), na cantidade de 21.081,59 €
- **CALDEIRO 3:** MESÓN DE ALBERTO S.L (CIF: B-27212737), na cantidade de 11.732,36 €
- **CASETA E CALDEIRO 4:** HOTEL TORRE DE NÚÑEZ S.L (CIF: 27232511) na cantidade de 16.289,12 € a caseta e 8.966,87 € o caldeiro.
- **CASETA E CALDEIRO 5:** XANTAR NA FEIRA C.B (CIF: E27346295) na cantidade de 17.347,13 € a caseta e 7.856,49 € o caldeiro.

4.- O anterior Decreto foi notificado aos interesados, sendo recibido por estes en datas comprendidas entre o 19 de marzo e o 7 de abril de 2014.

5.- Informe da Tesoureira Municipal do día 13 de maio de 2014 no que sinala que tan só as empresas TORRE DE NÚÑEZ, S.L e PULPERÍAS AURORA E HIJOS, S.L. realizaron os ingresos correspondentes.


6.- Acordo da Xunta de Goberno Local do día 21 de maio de 2014, mediante o cal se acordou incoar expediente de resolución da autorización para a concesión da ocupación de dominio público coa instalación de casetas e caldeiros de polbo, durante as festas do San Froilán, pola falta de pagamento en prazo das correspondentes taxas, a unha serie de empresas e persoas físicas:

- **CASETA E CALDEIRO 2.**
- **CASETA 3**
- **CALDEIRO 3:**
- **CASETA E CALDEIRO 5:** XANTAR NA FEIRA C.B (CIF: E27346295)

De dito acordo déuselles traslado aos interesados, sendo recibido por estes entre os días 5 e 10 de xuño de 2014, concedéndolles un trámite de audiencia, por un prazo de 10 días hábiles contados a partir do seguinte ó da recepción da notificación deste acordo, a fin de que puideran comparecer no expediente e alegar

Código Seguro de verificación:+c1zHVhD6AJpzy42G7+heQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	29/08/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	+c1zHVhD6AJpzy42G7+heQ==	PÁGINA 2/5


+c1zHVhD6AJpzy42G7+heQ==

o que estimaran conveniente, sen que conste neste Servizo a presentación de ningún tipo de alegación.

7.- Non obstante o anterior, e tras chamadas telefónicas a este Servizo por parte de membros das empresas e persoas físicas pendente de pagamento, tanto por parte do Servizo de Tesourería coma do Servizo de Contratación enviúselles a todos eles, por medio de correos electrónicos, as cartas de pagamento das cantidades pendentes, concedéndolles un prazo ata o día 5 de xullo de 2014, inclusive, a fin de que puideran facer os ingresos, sen que por ningún deles o houbera feito.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

ÚNICO.- Dona María José Rey Pérez (CASETA MANOLO DE MARCE), Mesón de Alberto, S.L., don Ramiro López López (RESTAURANTE LA PALLOZA) e XANTAR NA FEIRA C.B., foron autorizados para a ocupación de dominio público municipal para a instalación de casetas e, no seu caso de caldeiros para as Festas de San Froilán 2011-2014 quedando obrigados a cumprir tódalas obrigas derivadas dos pregos de cláusulas administrativas particulares e das condicións técnicas, en particular, ó pagamento das taxas de ocupación de cada anualidade (debidamente actualizadas) **durante o mes de abril (cláusula cuarta das bases técnicas).**


Sinalar que o artigo 100 da Lei 33/2003 de 3 de novembro de Patrimonio das Administracións Públicas establece como causa de extinción das autorizacións e con cesións demaniais a falta de pagamento do canon. Tamén o propio prego de cláusulas administrativas establece como causa de extinción o incumprimento por parte do adxudicatario das obrigas sinaladas expresamente nas condicións técnicas e administrativas deste contrato.

En consecuencia a persoa física e as empresas antes citadas foron requiridos para o pagamento das cantidades correspondentes, con expresa advertencia de que o pagamento debía facerse efectivo durante o mes de abril, indicando que en caso de non facelo en dito prazo podería ser de aplicación o **recargo por pagamento extemporáneo** tendo en conta a consideración de ingreso de dereito público municipal das cantidades sinaladas. Así mesmo tamén se lles advertía que a falta de pagamento en prazo dos importes indicados supoñía un incumprimento das obrigas sinaladas no prego de cláusulas administrativas que podería dar lugar á incoación e tramitación dun **expediente de resolución da concesión**. Finalmente tódalas persoas ou entidades adxudicatarias aboaron as correspondentes taxas coa excepción de XANTAR NA FEIRA C.B, adxudicataria da Caseta e Caldeiro nº 5.

En consecuencia e, dada a cercanía da celebración das Festas de San Froilán 2014 procede a resolución da autorización outorgada a favor de XANTAR NA FEIRA C.B que non aboou en prazo as taxas de ocupación do dominio público e abrir un novo período de licitación para o outorgamento de autorización de instalación da Caseta e Caldeiro nº 5, segundo as bases aprobadas no seu día, tendo en conta as actualizacións dos importes de licitación establecidos nas bases."

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada polo Ilmo. Sr. Tenente de Alcalde Delegado da Área de Urbanismo e Medio Ambiente, por substitución da titular da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación, e por unanimidade

Código Seguro de verificación: +c1zHVhD6AJpzy42G7+heQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	29/08/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	+c1zHVhD6AJpzy42G7+heQ==	PÁGINA 3/5
 +c1zHVhD6AJpzy42G7+heQ==			

dos seguintes asistentes: Excmo. Sr. DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, Alcalde Presidente do Concello de Lugo (Grupo Municipal Socialista -GMS-); Ilmo. Sr. DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Urbanismo e Medio Ambiente (GMS); Ilma. Sra. DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua (GMS); Ilmo. Sr. DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Infraestruturas e Medio Rural (GMS); Ilmo. Sr. DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Deportes (GMS); Ilma. Sra. DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Benestar Social e Igualdade (GMS); o Ilmo. Sr. DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Servizos Xerais e Participación Cidadá (GMS); e a Ilma. Sra. DONA ROSANA RIELO ROZAS, Tenenta de Alcalde e suplente da responsable da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación (GMS), **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Resolver e deixar sen efecto as autorizacións concedidas por acordo da Xunta de Goberno Local do día 28 de setembro de 2011, a favor de XANTAR NA FEIRA C.B (Caseta e Caldeiro 5) para as Festas de San Froilán durante os anos 2011 a 2014, ambos os dous inclusive, pola falta de pagamento en prazo das taxas correspondentes á ocupación de dominio público da dita instalación no presente ano 2014 e iniciar o procedemento de incautación das garantías definitivas constituídas e, se procede, do procedemento de reclamación de danos e prexuízos ocasionados.

SEGUNDO.- Abrir un novo período de presentación de proposicións de cara á adxudicación da autorización para a ocupación de dominio público da **caseta e caldeiro número 5**, de acordo coas bases e prego de cláusulas administrativas aprobadas polos acordos da Xunta de Goberno Local números 20/201 e 32/284 dos días 30 de marzo e 20 de abril de 2011, mediante os cales se aprobaron as bases técnicas e o prego de cláusulas administrativas particulares para a autorización da instalación de casetas e caldeiros de polbo durante as festas de San Froilán para os anos 2011 a 2014, coas salvedades seguintes:

- O período de vixencia da autorización será unicamente para o ano 2014, nas datas que se determinen polo Concello.
- Os prezos mínimos para a licitación correspondente a este ano 2014, logo da correspondente actualización segundo o establecido na base cuarta son os seguintes:

CASETA 5: 14.470,13 euros.
CALDEIRO 5: 7.339,92 euros.

TERCEIRO.- Publicar o correspondente anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no perfil do contratante do Concello de Lugo.

Código Seguro de verificación:+c1zHVhD6AJpzy42G7+heQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	29/08/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	+c1zHVhD6AJpzy42G7+heQ==	PÁGINA 4/5



CUARTO.- Delegar a competencia para a adxudicación das autorizacións e demais actos de trámite en relación con este expediente na Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua.

QUINTO.- Notificarlles esta resolución ás partes interesadas e dependencias municipais afectadas, con indicación de que o acordado no punto dispositivo PRIMERIO pon fin á vía administrativa polo que contra ela caberá a interposición dos seguintes recursos:


- Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación deste acto.

- Non obstante o anterior, e con carácter previo, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, ante a Xunta de Goberno Local e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación deste acto.

O acordado no punto dispositivo SEGUNDO é un acto de trámite contra o que non cabe recurso administrativo algún, se ben pode realizarse contra el as alegacións que se estimen oportunas.

E para que así conste no expediente, coa expresa advertencia prevista no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais de que a Acta da sesión na que foi adoptado o acordo transcrito aínda non foi aprobada, e a reserva dos termos que resulten da aprobación desta, expídese esta certificación de orde do Excmo. Sr. Alcalde, don José Clemente López Orozco, coa súa sinatura e a da Ilma. Sra. dona María del Carmen Basadre Vázquez, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cutura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua e Secretaria da Xunta de Goberno Local.

Código Seguro de verificación: +c1zHVhD6AJpzy42G7+heQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	29/08/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	+c1zHVhD6AJpzy42G7+heQ==	PÁGINA 5/5
 +c1zHVhD6AJpzy42G7+heQ==			